

Aplicacións preinstaladas

Sitio: [Plataforma de Teleformación Galega](#)
Curso: G2401141 - Módulo ECO. Paneis dixitais interactivos
Libro: Aplicacións preinstaladas

Impreso por: María Montserrat Iglesias Rivera
Data: xoves, 27 de marzo de 2025, 9:13 AM


Táboa de contidos

1. [Introdución](#)
2. [Emprego do panel como pizarra](#)
3. [Instalación de novas aplicacións no panel](#)

1. Introducción

Aplicacións preinstaladas


Dependendo da actualización do panel podemos encontrar:



O panel interactivo proporciónase cunha serie de aplicacións instaladas por defecto que convén non eliminar:

- **Cambiar a:** permite mudar a fonte de entrada do panel. (Só no caso de ter o OPS incorporada)
- **Buscador:** navegador web.
- **BytelloClass:** software incluído coa mostra para crear leccións e interactuar co alumnado.
- **BytelloDMS:** software de xestión centralizada do panel.
- **Configuración:** permite acceder a todos os axustes do dispositivo.
- **Consello:** aplicación que simula unha pizarra no panel.
- **GetStore:** software de instalación de Google Play Store.
- **Optimizar:** ferramenta de mellora do rendemento do dispositivo.
- **Paleta:** software de debuxo no panel
- **Procurador:** xestor de ficheiros do dispositivo.
- **ScreenShare:** software que permite a duplicación sen fíos desde outros dispositivos
- **Unidade Cloud:** permite o almacenamento na nube previa configuración.
- **Visor:** aplicación que permite lanzar a webcam con diversas opcións de configuración. Permite tomar fotografías, que se almacenarán na ruta **/VideoPresenter/photograph/** (crearase un cartafol de xeito automático co nome da data na que foi tomada a imaxe).
- **WPS Office:** software de creación e edición de documentos ofimáticos.
- **Play Store:** permite a instalación de aplicacións (apps Android) desde a tenda oficial de Google.

Se o panel está actualizado podemos encontrar as seguintes aplicacións:



- **Axustes:** Abre a configuración.
- **BytelloClass:** software incluído coa mostra para crear leccións e interactuar co alumnado.
- **Cloud Drive:** permite o almacenamento na nube previa configuración.
- **Encerado:** aplicación que simula unha pizarra no panel.
- **Explorador:** xestor de ficheiros do dispositivo.
- **GetStore:** software de instalación de Google Play Store.
- **Navegador:** navegador web.
- **Optimizar:** ferramenta de mellora do rendemento do dispositivo.
- **Paleta:** software de debuxo no panel
- **SynetechDMS:** permite o almacenamento na nube previa configuración.
- **Tenda:** permite navegar e descargar máis aplicacións.
- **Visor:** aplicación que permite lanzar a webcam con diversas opcións de configuración. Permite tomar fotografías, que se almacenarán na ruta **/VideoPresenter/photograph/** (crearase un cartafol de xeito automático co nome da data na que foi tomada a imaxe).
- **WPS Office:** software de creación e edición de documentos ofimáticos.
- **Play Store:** permite a instalación de aplicacións (apps Android) desde a tenda oficial de Google.


Debes ter en conta que ...

Ao tratarse o panel dun dispositivo compartido nunha aula, debemos ser moi coidadosos coa información que se almacena no mesmo. En caso de empregar a unidade Cloud, non deixar nunca a sesión aberta nin o contrasinal memorizado.

Podes ampliar a información sobre o sistema operativo do panel e as aplicacións instaladas no Manual do software do panel interactivo (fabricante)


2. Emprego do panel como pizarra

O software da pizarra




O panel interactivo incorpora un intuitivo software de pizarra coas seguintes características:

- **Excelente resposta na función interactiva**, o que asemella a escritura no panel de xeito moi significativo á escritura convencional.
- Posibilidade de escritura cos **dispositivos sinaladores** subministrados ou directamente co **dedo** (pódese empregar calquera **outro elemento** para escribir no panel).
- Posibilidade de **configuración de 2 modos de escritura**, en función do grosor da punta empregada, con **posibilidade de personalización de cores e tipo de punta**. En xeral, a escritura co dedo detectarase como lapis de punta grosa.




- Recoñecemento de **xestos multitáctiles**.
 - Posibilidade de escritura **ata 20 puntos táctiles** en función do sistema operativo.

- Pode empregarse o **puño** para o **borrado**. É posible **configurar o grosor do borrador**:



- Posibilidade de **borrado mediante selección de trazos**.
- Posibilidade de empregar **ferramentas de debuxo (Gobernante)**.




- Posibilidade de empregar diferentes **fondos con cores personalizadas** desde a opción **Menú**.




- Posibilidade de empregar figuras xeométricas 2D e 3D.
- Recoñecemento de figuras debuxadas a man alzada mediante a icona




- Ferramentas de creación de **mapas mentais** e outros elementos con posibilidade de **escritura intelixente**, de xeito que o panel é capaz de **recoñecer a escritura a man alzada como obxecto vectorial**.




- Para recoñecer a escritura a man alzada os pasos serían os seguintes:
 - Escritura a man alzada do texto.
 - Selección coa icona do cursor do perímetro do escrito
 - Premer en SmartWrite.




transfórmase en




- Posibilidade de traballar con **táboas**.




- Posibilidade de incorporar **notas adhesivas**.



- Importar e exportar arquivos con posibilidade de **almacenamento** en diversos formatos: **Imaxe, PDF, SVG, IWB**. (Función rotafolios)



ou se está actualizado:



Debes ter en conta que ...

A interacción táctil co panel non se produce polo contacto físico entre o dedo ou dispositivo sinalador coa pantalla senón pola detección dos sensores dos marcos de infravermellos horizontais e verticais que incorpora o panel, polo que resulta conveniente que ditos marcos (en especial o inferior) non acumulen po ou sucidade.

3. Instalación de novas aplicacións no panel

Instalación de aplicacións no panel (arquivos apk, Play Store)

Os paneis interactivos distribúense sen ningunha limitación en canto á posibilidade de instalación de novas aplicacións.

As aplicacións en Android empaquetáanse mediante arquivos **APK (Android Application Package)**.

Así pois, os ficheiros apk son executables que conteñen toda a información necesaria para instalar e facer funcionar unha aplicación nun dispositivo Android.

A instalación de arquivos apk é directa a partir da fonte do ficheiro: un simple click no nome do mesmo iniciará o proceso de instalación.

Instalación de aplicacións desde Play Store



Tamén é posible instalar aplicacións desde a Play Store de Android, para o cal será preciso configurar unha conta de correo (queda a elección do centro a posibilidade de facer uso desta opción). Neste caso a recomendación é non empregar en ningún caso contas corporativas ou de carácter persoal, ao tratarse dun dispositivo de uso compartido.

Debes ter en conta que ...

A responsabilidade das aplicacións instaladas no panel recae no centro educativo.

Debemos ser moi coidadosos á hora de instalar novas aplicacións no panel, xa que poden comprometer a seguridade do sistema ou provocar problemas de rendemento (a recomendación é instalar só as que resulten imprescindibles e sempre desde orixes fiables).

Ademais, debemos ter en conta que moitas apps gratuitas incorporan publicidade que pode resultar non apropiada nun contexto educativo.

Se despois de instalar unha app observamos un peor funcionamento do sistema a recomendación sería proceder á desinstalación da mesma. No caso de persistir o problema, será necesario restaurar o sistema a valores de fábrica, para o que será necesario abrir unha incidencia na Unidade de Atención a Centros (UAC). Este proceso implica a perda de todos os datos almacenados no sistema.